



II MEMORIAL RAMÓN ESCUDEIRO TILVE

Do 4 ao 8 de decembro

Roldas 5 e 6. Crónica:

“O II Memorial Ramón Escudeiro afronta a recta final”

Tralas seis roldas disputadas o Mestre Internacional Pablo García mantense ó fronte da clasificación, un empate na sétima bastaríalle para revalidar o título de Campión. Agardando a derrota do pontevedrés, Roberto Patiño, Daniel Rivera, e Juan Carlos Gil espremen as súas derradeiras opcións.

No resto das categorías todo aínda por decidir e cun amplo grupo de aspirantes os diferentes premios.

Entre as “Batallas de Mestres” a quinta rolda deixounos a vitoria de Pablo García fronte a Juan Carlos Gil e a sexta ofreceunos un empate entre o mesmo Pablo García máis Daniel Rivera, unha partida de ataque directo o rei que rematou con táboas por xaque perpetuo.

A canteira da Escola Xadrez de Pontevedra está a realizar un magnífico papel. Unha das finalidades do evento é que estes rapaces teñan a oportunidade de enfrontarse a xogadores dunha ampla experiencia, o que está a sorprender é a cantidade de derrotas que lles están a infrinxir. Novamente temos que falar dos irmáns Martínez Montes, nesta ocasión de Juan Manuel, con tan só oito anos loitará o domingo por entrar entre os dez mellores da Clasificación Absoluta e xa ten asegurada unha boa suba na clasificación mundial.

Unha das anécdotas da xornada tivo por protagonista o arbitro do evento, tendo que intervir na rolda da tarde cando dúas das partidas que se estaban a retransmitir en liña e sendo proxectadas na propia sala de xogo, seguían exactamente a mesma orde de xogadas. Para evitar a tentación de copiar os movementos do xogador máis forte, a proxección foi suspendida ata que as partidas tomaron un camiño diferente.

Ás 09:00h do domingo dará comezo a derradeira e decisiva rolda do II Memorial Ramón Escudeiro. Unha apaixonante batalla que se poderá seguir en directo e de balde, no Salón de Actos do Casino Mercantil, ou ben a través da páxina web oficial, www.xadrezpontevedra.com

O pechamento do torneo terá lugar ás 14:00 no Salón de Actos do Casino Mercantil e Industrial.

Pablo García
Escola Xadrez de Pontevedra
pablogarcia@xadrezpontevedra.com
Tel. 646524394